



Boletín Nº 249. Sábado, 27 de outubro de 2007

- [IV. ADMINISTRACIÓN LOCAL](#)
- [IV.2 MUNICIPAL](#)
- [CULLEREDO](#)

ANUNCIO Pág. 11660 Reg. 07/12006-x.

- [Anterior](#)
- [Siguiete](#)

Regulamento do réxime interno do CLT de Culleredo

APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO INTERNO DO CENTRO LOXÍSTICO DE TRANSPORTES DE CULLEREDO

Aprobado inicialmente polo pleno do Concello, en sesión celebrada o día 31 de xullo de 2007 o Regulamento Interno do Centro Loxístico de Transportes de Culleredo e transcurrido o prazo de información pública sinalado no art. 49 b) da vixente Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, sen presentarse alegación algunha, enténdese definitivamente aprobado o texto que se publica como Anexo, en cumprimento do disposto no art. 70.2 da vixente Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

ANEXO

REGULAMENTO DO RÉXIME INTERNO DO CENTRO LOXÍSTICO DE TRANSPORTE DE CULLEREDO

TÍTULO PRELIMINAR

O presente regulamento establécese para regular a xestión do Centro Loxístico de Transportes de Culleredo (en adiante CLTC), e o uso dos seus bens e servizos por parte das persoas e entidades que se establezan no expresado centro loxístico, en cumprimento do que se estableceu na cláusula 14 do Prego de condicións do concurso público para a adxudicación da concesión administrativa de construción e explotación do CLTC.

O presente regulamento complementa as cláusulas que se conteñen no contrato de adxudicación concesional e no Prego de cláusulas administrativas e técnicas da concesión, e formarán un corpus conxunto.

ARTIGO 1. OBXECTO E OBRIGATORIEDADE

O presente regulamento ten por obxecto regular a axeitada utilización dos servizos, dependencias, instalacións e demais elementos de uso xeral do CLTC, e establecer as normas de uso das diversas instalacións que o compoñen, co fin de conseguir a mellor eficiencia operativa.

En definitiva, a finalidade do documento é regular o desenvolvemento harmónico da actividade do CLTC, no que se van desenvolver distintas actividades, o que leva implícita a necesidade dunha pormenorizada normativa de uso, renunciadas, limitacións e cargas recíprocas para todas elas.

O carácter obrigatorio do mesmo procede da natureza administrativa da concesión de servizos e instalacións do CLTC, coas particularidades que se recollen na normativa que o regula, a Lei de contratos das administracións públicas, o Regulamento que a desenvolve e nos documentos de formalización da mesma, que se sinalan no título preliminar. Esta obrigatorio estende o seu ámbito de aplicación a todas as persoas que realicen actividades nas instalacións do CLTC, calquera que sexa o título da ocupación; e así mesmo para as persoas deles dependentes ou que deles traian causa.

E para tal fin, todos os usuarios do CLTC quedarán obrigados non só a cumprir as prescricións deste regulamento, senón a impoñer o seu cumprimento a calquera persoa física ou xurídica de quen deles puidera traer causa.

ARTIGO 2. DEFINICIÓNS

Coa única finalidade de axudar na mellor interpretación e aplicación do presente documento, establécense as seguintes definicións:

2.1. Centro Loxístico de Transportes de Culleredo (CLTC)

É unha plataforma loxística dotada de infraestruturas para a loxística, servizos de transportes e outros subsidiarios e/ou complementarios, de acordo co Proxecto sectorial e modificación puntual, que aprobou a Xunta de Galicia.

As instalacións do CLTC inclúen:

Parcelas urbanizadas para a edificación de naves que se destinan á consolidación e fraccionamento de cargas, á almacenaxe, usos administrativos, hostalaría e demais usos que permitan en cada momento as ordenanzas e demais regulación urbanística aplicable.

O CLTC inclúe tamén naves-taller que se destinan a reparacións, zonas destinadas ao estacionamento de vehículos pesados, zona destinada á instalación de servizo de Inspección Técnica de Vehículos, unha estación de servizo (gasolineira e báscula), un hotel, un centro de acollida, un restaurante e unha zona comercial.

2.2. Concesionaria das instalacións e da explotación

En sesión da Comisión de Goberno do Concello de Culleredo do 23 de xullo de 1999 adxudicouse a concesión administrativa de construción e explotación do CLTC á entidade mercantil Obralar S.L.

2.3. Entidade xestora

En cumprimento das obrigas concesionais, a entidade mercantil Centro Loxístico de Transportes de Culleredo S.A., con domicilio social actual (pendente de traslado ás

novas instalacións do CLTC) na Coruña, na avda. Alfonso Molina s/n Edificio Fadesa, constituída mediante escritura de data 12 de novembro de 1999, ante o notario da Coruña, D. Ramón González Gómez, co número de protocolo 1.149, levará a cabo o desenvolvemento do modelos de xestión.

2.4. Elementos de uso común

Denomínanse neste documento elementos de uso común a todos aqueles edificios, superficies, instalacións, equipos e servizos que, polo seu destino, están ligados á utilidade xeral do CLTC: edificio administrativo, cafetería-restaurante, centro de acollida de tripulacións, aparcadoiros, báscula, viais, sinais, peche, iluminación e instalacións eléctricas, conducións de auga e de telefonía, saneamento, zonas verdes etc.

2.5. Superficies privativas e/ou parcelas/naves

Polo contrario, todas as demais son superficies susceptibles de uso e utilización ou explotación para unha actividade económica individualizada e independente de forma privativa.

2.6. Usuario ou ocupante

É a persoa física ou xurídica da actividade que se realiza na superficie privativa ou nave/parcela, calquera que sexa o título da permanencia ou ocupación da nave/parcela ou inmovible, xa en propiedade ou arrendamento, arrendamento, por calquera forma de cesión do uso e goce que o dereito permita, onerosa ou lucrativa, ou incluso cando se utilice sen título algún. En relación con cantas obrigas se establecen neste documento para o usuario, debe entenderse como comprendido neste concepto aos empregados do usuario.

ARTIGO 3. DOS ELEMENTOS DE USO COMÚN

3.1. Disposicións xerais

Cada un dos usuarios terá a libre utilización dos elementos de uso común, conforme ao seu destino, sempre e cando non obstaculicen con isto os mesmos dereitos dos restantes usuarios nin interfiran no seu bo funcionamento e se axusten ás normas que para o seu axeitado uso se establezan regulamentariamente.

3.2. Accesos e circulación

Ningún dos usuarios ou persoas que deles traian causa do CLTC poderá ocupar ou entorpecer as vías de acceso e circulación, de persoas e de vehículos. A entidade concesionaria do CLTC terá a facultade, por calquera medio da súa elección, de retirar e depositar vehículos, materiais e mercadorías que incumpran o anterior, sendo os gastos que se orixinen por estes conceptos, de conta e risco de quen os causara.

3.3. Utilización dos elementos e instalacións comúns

Os elementos de equipo e instalacións deberán ser utilizados conforme ao seu destino, ás prescricións que as regulamentacións en vigor establecen, aos seus instaladores e/ou ás decisións que a entidade concesionaria e o Concello de Culleredo adopte.

Os usuarios-ocupantes utilizarán as instalacións, canalizacións e redes de auga, electricidade, teléfono e demais conducións, coas limitacións da súa capacidade e baixo reserva de non interferir no uso que corresponda aos restantes usuarios ocupantes.

3.4. Denominacións

O Concello de Culleredo, por proposta da sociedade concesionaria, determinará e modificará, de ser o caso, as denominacións, referencias e sentidos de circulación de todos os compoñentes do CLTC (accesos, vías de circulación etc.).

3.5. Acceso dos usuarios externos

A entidade concesionaria poderá prohibir ou restrinxir o acceso ao CLTC a toda persoa da que a súa presenza poida entenderse prexudicial para a seguridade e o interese do CLTC ou dos seus usuarios-ocupantes. Así mesmo a concesionaria terá capacidade para ordenar a evacuación, total ou parcial, do CLTC por motivos de seguridade nas cousas e/ou nas persoas.

3.6. Horarios

O CLTC permanecerá en explotación durante os doce meses do ano, sen interrupción.

No seu caso poderá establecerse un horario restrinxido para as instalacións de uso común que se determinen puntualmente.

A concesionaria, coa anterior conformidade do Concello de Culleredo, poderá incluír nos apartados anteriores modificacións para o mellor funcionamento do CLTC.

3.7. Peche temporal

No caso de urxente necesidade –reposicións, reparacións, seguridade etc., a entidade concesionaria poderá decidir o peche temporal de todas ou parte das instalacións comúns do CLTC ou das zonas precisas, advertindo aos usuarios afectados para que o faciliten e colaboren na adopción das medidas que poidan considerarse convenientes en interese do CLTC. Excepto urxencia ineludible, deberá advertirse aos usuarios afectados con antelación mínima de dous días.

ARTIGO 4. DOS SERVIZOS COMÚNS

Os servizos comúns de obrigada prestación concesional son os que figuran no contrato concesional, pregos de cláusulas administrativas e técnicas e proxecto sectorial, que serán facturados aos usuarios-propietarios na forma establecida no parágrafo seguinte para o resto dos servizos comúns que se presten.

A entidade concesionaria xestionará a subministración de calquera outro servizo distinto dos de obrigada prestación que considere necesario e axeitado ás necesidades que se detecten para o idóneo funcionamento do CLTC. A prestación deses servizos se levará a efecto xa sexa coa contratación directa do persoal axeitado, xa coa contratación dunha empresa externa especializada, pero sen que isto constitúa obriga contractual da sociedade concesionaria, que non estará obrigada a prestar tales servizos se non os considera axeitados para o bo funcionamento do CLTC. O custo dos servizos será sufragado da forma habitual nun centro de transportes, isto é:

Anualmente, a concesionaria elaborará un orzamento cos custos dos servizos que repercutirán nos usuarios e, tomando como base este orzamento, calculará a cantidade que do mesmo corresponda facer efectiva a cada usuario-propietario, mediante a repercusión do custo total que se orzamente aos mesmos, na proporción que corresponda sobre o total dos metros cadrados que ocupa o CLTC (1º fase) e a superficie edificable que ocupa cada usuario, empresa ou entidade correspondente. Os usuarios deberán facer efectivos os servizos e cantidades que resulten dos cálculos anteriormente sinalados por mensualidades anticipadas, dentro dos cinco primeiros días de cada mes. O orzamento anual liquidarase a final de ano para axustar os pagamentos que, en realidade, deben efectuarse en virtude dos custos reais dos servizos. As instalacións e/ou edificios que se destinen á prestación de servizos comúns (oficinas administrativas do CLTC, hotel, ITV, talleres, estación de servizo...) terán un tratamento diferenciado que se reflexa no cadro anexo nº 1.

Os servizos inicialmente previstos, ademais do de xestión que xa se sinalou, dos que os seus custos repercutirán nos usuarios-propietarios do CLTC, son os que a continuación se enumeran:

4.1. Seguridade e vixilancia

O CLTC contará cun circuío pechado de televisión de vixilancia, con persoal suficiente de seguridade e vixilancia que se instalará no edificio administrativo do CLTC así como con vehículos que patrullarán as instalacións do CLTC durante as 24 horas do día. Os servizos de seguridade realizaranse ben coa contratación directa de persoal axeitado ben coa contratación dunha empresa especializada, pero sen que isto constitúa obriga contractual da concesionaria, que non se verá obrigada a prestar tales servizos.

Así mesmo, a concesionaria, en cumprimento da normativa de seguridade e evacuación e seguridade aplicable a un centro das características do CLTC, ben sexa coa contratación directa de persoal axeitado, ben coa contratación do servizo con empresa ou empresas especializadas, xestionará as medidas necesarias de

evacuación, sinalización, mantemento de sistemas e equipos antiincendios, pero sen que isto constitúa obriga contractual da sociedade concesionaria, que non estará obrigada a prestar tales servizos aos usuarios-ocupantes.

Os usuarios-ocupantes non poderán impedir ou dificultar o cumprimento das tarefas que os servizos de vixilancia e seguridade desenvolvan, debendo nos casos que sexa necesario, permitirlles o acceso aos seus inmobles; e deberán respectar todas as normas que se diten en materia de seguridade.

4.2. Limpeza

A limpeza dos espazos de uso común levarase a cabo no horario que estableza a concesionaria, ben sexa coa contratación directa de persoal axeitado, ben coa contratación do servizos con empresa ou empresas especializadas ou coa empresa municipal de servizos de limpeza.

4.3. Reparacións e mantemento.

A concesionaria do CLTC poderá establecer a constitución dun equipo de mantemento das instalacións e equipos comúns do CLTC, ben sexa coa contratación directa de persoal axeitado, ben coa contratación do servizos con empresa ou empresas especializadas.

Os usuarios deberán facilitar o acceso aos seus locais aos operarios correspondentes para realizar as reparacións necesarias nos elementos de uso común do CLTC.

4.4. Xardinaría en zonas de uso común

A concesionaria levará a cabo o acondicionamento e mantemento das zonas axardinadas de uso común, ben sexa coa contratación directa de persoal axeitado, ben coa contratación do servizos con empresa ou empresas especializadas.

4.5. Consumos xerais de auga

A concesionaria xirará aos usuarios-propietarios os gastos de consumo da rede de auga contraincendios e de riscos para limpeza e zonas verdes do CLTC, dentro dos recibos de mantemento e conservación do CLTC segundo a cota que lle corresponda a cada un.

4.6. Rede de iluminación pública

A concesionaria xirará aos usuarios-propietarios os gastos de consumo, conservación e mantemento da rede de iluminación pública do CLTC, da mesma forma que os servizos enumerados anteriormente.

ARTIGO 5. APARCADOIROS

Os espazos destinados a aparcadoiros no CLTC son de dous tipos: aparcadoiro de vehículos pesados e aparcadoiro de vehículos lixeiros.

O aparcadoiro destinado a vehículos pesados estará vixiado e adecuadamente dotado e terá tarifas específicas para os seus usuarios.

ARTIGO 6. USO DOS INMOBLES PRIVATIVOS

O uso dos inmobles privativos estará sometido ás seguintes limitacións, a finalidade das cales é a de evitar o prexuízo dos usuarios dos restantes inmobles do CLTC.

6.1. Ocupación dos inmobles

Os locais deberán ser ocupados conforme ao seu destino e aos usos que legalmente se permitan, con total sometemento ás ordenanzas e demais normativa que os regula e desenvolve. Queda totalmente prohibido o exercicio de calquera actividade que non sexa a propia do CLTC, que se definen e regulan no Proxecto sectorial que aprobou a Xunta de Galicia.

No caso de que a actividade que se realice no inmueble incumpra a lexislación aplicable, a concesionaria requirirá ao presunto infractor para que cese na actividade non permitida; e unha vez que transcorran sete días desde o requirimento ao infractor, sen que se atendera este e sen deixar a actividade irregular, procederá á imposición das sancións que posteriormente se regulan por incumprimento deste regulamento.

Todo isto, sen prexuízo das accións que correspondan á administración competente.

6.2. Obriga de comunicación da transmisión

Os usuarios-propietarios deberán comunicar á concesionaria e ao Concello de Culleredo calquera cambio de titularidade que se produza respecto aos inmobles privativos do CLTC dos que sexan titulares. A transmisión dos inmobles privativos conleva a subrogación do adquirente en todos os dereitos e obrigas que lle corresponden derivados do réxime concesional e do presente regulamento, o que o transmitente debe facer constar expresamente no título de transmisión.

6.3. Utilización das canalizacións comúns

Queda expresamente prohibido aos ocupantes verter todo tipo de produtos corrosivos ou inflamables nos desaugadoiros e canalizacións; e de forma xeral, non deberán realizar acto algún que poida deteriorar os indicados desaugadoiros e canalizacións.

6.4. Rótulos do inmueble

A rotulación dos edificios e/ou instalacións axustarase, na súa forma e contido, aos condicionantes que as ordenanzas e a normativa que os regule establezan, e, de ser o caso, aos pactos que contractualmente a concesionaria estableza cos usuarios.

6.5. Obrigas diversas

Todos os usuarios deberán soportar, sen dereito a indemnización algunha, a execución dos traballos de mantemento e conservación necesarios ou útiles nos elementos de uso común, calquera que sexa a súa duración, tratando que estes traballos se executen en condicións de reducir ao máximo posible calquera eventual

perturbación, debendo previr en todo caso ás persoas afectadas cunha antelación razoable de acordo co carácter da obra.

Todo usuario dun inmovible, nave ou parcela na que existan instalacións que afecten aos servizos ou aos equipos comúns do CLTC, deberá, así mesmo sen indemnización, permitir a existencia de tales instalacións e o seu acceso, uso, mantemento, reparación e reposición das mesmas.

Tendo en conta as especificacións técnicas que requiren certos elementos de equipamento común, así como o seu mantemento, reparación ou transformación e a importancia que poida ter para o funcionamento xeral e o equilibrio das instalacións comúns, as partes destes elementos que estean considerados privativos deberán ser mantidas ou reparadas por empresas debidamente homologadas.

Dunha forma xeral, os usuarios deberán respectar todas as servidumes que no seu caso puideran gravar o inmovible, tanto as de orixe contractual, como legal, civil e/ou administrativas.

Os usuarios deberán así mesmo permitir sobre elementos de uso común todas as servidumes que demanden ou impoñan os servizos e subministracións públicas os seus concesionarios e, en especial, as que se deban a razóns de seguridade, vixilancia e orde pública, dada a esencial importancia destes conceptos para o bo funcionamento e explotación do CLTC.

6.6. Limpeza

Os propietarios e usuarios do CLTC deberán coidar de manter todos os espazos, instalacións e servizos do mesmo en bo estado de limpeza. Por isto deberán absterse de realizar vertidos de calquera clase de residuos fóra dos lugares que se indiquen, que en cada inmovible ou instalación se destinen, para a recollida de lixo.

Os contedores ou recipientes que se destinen á recollida de lixo, estarán colocados no interior das parcelas, en lugares onde non causen molestias, nin afeen o aspecto do recinto. Preverase o acceso dos camións de recollida de lixo..

6.7. Estado das instalacións

Respecto ás instalacións visibles desde o exterior (peches, rótulos etc.) que se encontren en mal estado de conservación, a concesionaria poderá co anterior requirimento ao titular da explotación, con polo menos oito días de antelación, proceder a requirir ao propietario para a súa adecuación, poñéndoo en coñecemento do Concello de Culleredo, se así non o fixera, para os efectos oportunos.

6.8. Seguridade

Os ocupantes deberán respectar todas as normas ditadas en materia de seguridade, poñendo en sitio visible as instrucións que se cursen para caso de incendio e emerxencia.

ARTIGO 7. OBRAS

7.1. Proxecto sectorial e ordenanzas

Todas as obras e instalacións que se teñan que realizar no conxunto do CLTC, xa sexan comúns ou privativas, calquera que sexa a súa causa -implantación, reparacións ou modificacións-, deberán realizarse con suxeición ás prescricións que se conteñen no Proxecto sectorial de aplicación, que será para todos os efectos considerado como parte integrante deste regulamento así como ás ordenanzas que o regulan.

7.2. Técnico asesor

A sociedade concesionaria poderá designar un técnico competente que teña como cometido o de asesorar á xestora do CLTC para asegurar a conservación dos elementos comúns e o seu bo funcionamento de conformidade co que se prevé no presente regulamento e adoptar as previsións necesarias en relación coas obras e instalacións a realizar nos predios privativos.

7.3. Proxectos

A concesionaria do CLTC deberá necesariamente ser advertida de todos os proxectos de obra que poidan ter calquera repercusión, aínda que sexa temporal, sobre as características técnicas do CLTC e o bo funcionamento dos elementos de uso común, co obxecto de adoptar as medidas de control previstas a continuación:

- Precisarase a aprobación do proxecto de obra e así mesmo autorización da concesionaria para a execución de cantos traballos se pretendan realizar nas partes privativas e que poidan afectar aos elementos de uso común, implicando un desprazamento ou modificación de canalizacións, de instalacións, incidindo sobre a eficiencia do CLTC.
- A concesionaria poderá non autorizar as obras ou sometelas a determinadas condicións de execución e impoñer que os traballos sexan efectuados baixo a dirección e control dun técnico competente para o efecto.
- Así mesmo, logo do informe técnico e en razón da especialidade técnica de certas instalacións comúns, a concesionaria poderá esixir que empresas debidamente acreditadas efectúen os traballos correspondentes.

7.4. Realización

A execución de traballos en calquera inmobile dentro do CLTC quedará sometida á condición da anterior obtención da licenza municipal correspondente e, no seu caso, das autorizacións administrativas que procedan.

ARTIGO 8. RÉXIME DE SEGUROS

En función da particular estrutura do CLTC, os usuarios deberán asegurar os riscos que dimanen da súa explotación e actividade.

Para isto, establécese o seguinte réxime de seguros do CLTC:

8.1. Póliza global

Contratación dunha póliza global, que cubra a responsabilidade civil dos edificios e instalacións de uso común do CLTC que se relacionan a continuación ata o límite de 1.500.000 € :

- Edificio administrativo.
- Centro de acollida de tripulacións.
- Báscula.
- Aparcadoiros, viais e zonas verdes e deportivas.
- Instalacións e elementos de iluminación, auga, saneamento, conducións telefónicas e similares.

No caso de explotación por terceiros destes edificios e instalacións, a concesionaria poderá repercutirlles o custo dos seguros correspondentes.

8.2. Pólizas privativas durante o período as obras de acondicionamento

Os usuarios durante o período de execución das obras de acondicionamento das parcelas, inmobles ou instalacións subscribirán un seguro a todo risco de construción con empresa aseguradora da súa libre elección ou un certificado de seguro complementario á póliza xeral que a concesionaria subscriba, e en idénticas condicións para todas as obras, instalacións, equipo e material que deba executar ao seu cargo conforme se conviñera no contrato.

Este seguro deberá ser subscrito antes do inicio das obras da parcela/ inmueble.

8.3. Pólizas privativas durante a explotación do CLTC

Os usuarios deberán estar obrigatoriamente cubertos durante o desenvolvemento da súa actividade dos seguintes riscos en relación coa concesionaria, as instalacións de uso común do CLTC e demais usuarios:

- Os usuarios-propietarios deberán subscribir unha póliza de seguros que cubra as súas instalacións, inmobles e medios complementarios, na contía que corresponda.
- Responsabilidade civil.

Os usuarios estarán obrigados a subscribir os seguros que se indican con anterioridade á apertura do inmueble, asumindo respecto a estas pólizas as seguintes obrigas:

- Deberán prever que a resolución do contrato de seguro por calquera causa non producirá efecto ata que transcorrera un mes desde que a compañía aseguradora notificara fidedignamente á concesionaria.
- Deberán manter en vigor os seguros que se referiron, aboando regularmente as primas.

- Deberán pasar copia dos respectivos seguros á concesionaria.

ARTIGO 9. GASTOS PRIVATIVOS DOS INMOBLES

Os gastos de calquera natureza, ao respecto do uso e utilización dos inmobles ou derivados da actividade que se realiza neles, serán soportados polo usuario de cada predio.

ARTIGO 10. XERENCIA DO CLTC

10.1. Nomeamento

A xerencia do CLTC corresponde á entidade mercantil Centro Loxístico de Transportes de Culleredo S.A. que deberá ter o seu domicilio no propio CLTC.

10.2. Funcións

A título enunciativo pero non limitativo estará encargada de:

- Asegurar a execución das disposicións do presente regulamento de réxime interior. D
- Xestionar e administrar o CLTC, prover a súa conservación, a súa garda, custodia e o seu mantemento e, no caso de urxencia, adoptar pola súa propia iniciativa a execución daqueles traballos necesarios para a salvagarda do CLTC e instalacións ou obras.
- Respetar os regulamentos administrativos que se impoñan ao CLTC en razón do destino dos inmobles e instalacións que o compoñen e, especialmente, os relativos á seguridade, vixilancia, policía e orde pública.
- Cando en caso de urxencia, teña que proceder pola súa propia iniciativa á execución de traballos necesarios para a salvagarda dos inmobles e/ou instalacións, deberá informar de inmediato á sociedade concesionaria e ao Concello.

10.3. Dependencia da xerencia

A xerencia do CLTC dependerá organicamente da sociedade concesionaria, á que dará conta do cumprimento das súas funcións e esta ao Concello de Culleredo nos termos que se establezan por este.

ARTIGO 11. RESPECTO DE OBRIGAS CONTRACTUAIS

Os usuarios-propietarios ou ocupantes dos inmobles e instalacións, calquera que sexa o título da ocupación, non poderán invocar a normativa que comprende este regulamento en ningún suposto para defender o incumprimento de obrigas contractuais ou que legalmente asumiran.

ARTIGO 12.

12.1. Cualificación das faltas

12.1.1. Son faltas os actos dolosos e culposos que un usuario ou persoa dependente deste cometa, e como tales se sancionan no presente regulamento.

12.1.2. O usuario será responsable preferente fronte á administración e á sociedade concesionaria polo importe dos danos dolosos ou culposos causados por este ou persoas que deles dependan ou traian causa.

12.2. Clasificación das faltas

As faltas clasifícanse en leves, graves e moi graves.

12.2.1. Tipificación das faltas leves

Constituirá falta leve a produción de danos nas instalacións, equipos ou servizos do CLTC en contía ata 200 €.

12.2.2. Tipificación das faltas graves

Son faltas graves:

- a) A produción de danos nas instalacións, equipos ou servizos do CLTC en contía superior a 200 € e ata 2.000 €.
- b) A alteración de documentos, tanto dos achegados á concesionaria como dos facilitados por esta.
- c) A facilitación do acceso ás instalacións do CLTC a persoas non autorizadas por esta.
- d) A desobediencia reiterada a cumprir as instrucións que emanaron do Concello de Culleredo e da concesionaria do CLTC, ben sexan comunicadas directamente por este ou polo persoal empregado do CLTC.

12.2.3. Tipificación das faltas moi graves

Son faltas moi graves:

- a) A produción de danos en máis de 2.000 €.
- b) As condutas, actos ou omisións constitutivos de delito.
- c) O impagamento de dous ou máis cotas periódicas ou dous vencementos das non periódicas.
- d) O exercicio dentro do CLTC de calquera actividade distinta ás actividades propias do transporte de mercadorías e as súas actividades auxiliares, complementarias ou actividades loxísticas en xeral.

12.3. Sancións

12.3.1. As faltas leves serán sancionadas con amoestación e multa pecuniaria de ata 200 €.

12.3.2. As faltas graves serán sancionadas con multas de entre 201 e 2000 €.

12.3.3. As faltas moi graves serán sancionadas con multa pecuniaria de entre 2001 e 5000 € .

12.4. Tramitación para a imposición de faltas leves

Para as faltas leves non será necesaria a instrución de expediente, pero será imprescindible a audiencia da persoa interesada.

12.5. Tramitación para a imposición de faltas graves e moi graves

12.5.1. Para as faltas graves e moi graves será necesario a instrución de expediente sancionador, que se iniciará por acordo da concesionaria do CLTC.

12.5.2. Unha vez que se inicie o expediente sancionador, a dirección do CLTC formulará o oportuno prego de cargos, que será notificado ao presunto causante dos feitos para que, nun prazo de dez días naturais desde a notificación, presente o correspondente prego de descargos.

12.5.3. Unha vez que transcorra o prazo de presentación do prego de descargos, abrirase un período de dez días naturais para a proposta e práctica de proba.

12.5.4. Unha vez que finalice o prazo que se sinala para a proposta e práctica de probas, remitirase o expediente ao órgano competente da sociedade concesionaria, que, en reunión que se convoque para o efecto, imporá a sanción oportuna.

12.5.5. En todo caso, a persoa interesada terá dereito á vista do expediente.

12.6. Prescrición das faltas.

A prescrición das faltas será:

- a) De seis meses, para as faltas leves.
- b) De dous anos, para as faltas graves.
- c) De tres anos, para as faltas moi graves.

O prazo de prescrición computarase desde a data en que a infracción se cometera, prescribindo, en todo caso, aos tres anos da súa comisión.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

PRIMEIRA. En materia sancionadora será de aplicación supletoria o disposto no Título IX, da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999.

SEGUNDA. De acordo co previsto na cláusula terceira, 3, do contrato de adxudicación da concesión administrativa para a construción e explotación do CLTC para o desenvolvemento do modelo de xestión, a concesionaria constituirá unha sociedade anónima.

TERCEIRA. As resolucións que adopte a entidade concesionaria, por si mesma ou a través da sociedade xestora, poderán recorrerse en alzada, ante o alcalde do Concello de Culleredo.

ANEXO Nº 1

COTAS DAS PARCELAS DA ZONA DE SERVIZOS DO CLT

ZONA	Superficie m2	M2 edificables	M2 construídos	COTA
Superficie comercial	5.988	17.400	---	5,814
Hotel	1.425	5.875	1.425	1,301
Estación de Servizo	3.623	2.814	200	1,347 (*)
I.T.V.	3.000	4.850	645	1,665
Centro Oficinas	848	1.725	1.725	2,887
Acollida tripulacións	850	2.355	679,3	0,303
Restaurante	850	2.355	679,3	1,002
Edificio Administrativo	700	1.890	733,7	0,806 (**)
Aparcadoiros Pesados	17.650	---	---	0,205

Naves Taller	16.200	10.800	---	4,597
TOTAL	51.134	50.064		19,927

(*) Inclúe cota de báscula 0,347

(**) Neste edificio ai tres locais que non teñen cota: Vixilancia, Xestión e administración e Almacén mantemento."

Contra este acordo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir da súa publicación.

Culleredo, 8 de outubro de 2007

O Alcalde,

Asdo: Julio Sacristán de Diego.

Reg. 07/12006-x